

RUTH MATILDA ANDERSON (1893-1983)

Foi unha fotógrafa estadounidense, que realizou varias viaxes a Galicia das que deixou testemuño a través das súas imaxes. O seu traballo no noso país centrouse nas actividades cotiás dos anos 20, encargo que recibiu da empresa para a que traballaba, The Hispanic Society of America.

A súa primeira formación recibíuna a través do seu pai, Theodore Anderson, que tiña un estudo especializado en vistas e retratos. Posteriormente asistiu á Clarence H. White School for Photography, diplomándose en 1919. Aínda que tamén se graduou como profesora, nunca exerceu esta profesión e o seu traballo estivo sempre vinculado á fotografía.

Coa elección de *Ruth Matilda Anderson* para dar nome a este proxecto, por un lado lémbrese a unha muller que fixo un traballo importante nun campo tradicionalmente desenvolvido por homes, e por outro, préstase atención á súa destacable obra, na que se inclúe o retrato que Ruth Matilda fixo da muller galega dos anos 20, a través da súa particular mirada.

Por medio deste certame a USC tenta promover a igualdade dentro e fóra da comunidade universitaria, a través de dous mecanismos:

1. Sacar á luz o labor que desenvolven as mulleres na sociedade e que historicamente se veu invisibilizando.
2. Deconstruír na medida do posible os estereotipos de xénero, acerca dos traballos que son propios de mulleres e os que o son de homes, e motivar a facer unha escolla da carreira profesional dun xeito máis libre e vocacional.

III Certame de fotografía

"Ruth Matilda Anderson"



III Certame de fotografía

"Ruth Matilda Anderson"



3º premio 2011. Burka

Dirixido á comunidade universitaria e exalumnado da USC

Exposición itinerante

Máis información: www.usc.es/oix

III Certame de fotografía "Ruth Matilda Anderson"

1º PREMIO



Revolución

Manuel Alejandro Fernández López

Durante unha das folgas contra o goberno unha muller estaba a piques de quitar a máscara de Guy Fawkes fronte á multitude.



Panadeira

Jesús García Devesa

Preparando a fornada.



Baixamar

Jesús García Devesa

Muller apaiando argazo.



Un sorriso fronte ao traballo

Manúel Alejandro Fernández López

Nas inmediacións do Atlas había varias mulleres lavando, sempre cun sorriso na cara fronte ao duro traballo.



A balanza da igualdade

Amalia Gorgoso Pacios

Unha balanza en equilibrio que representa a igualdade entre xéneros.



Future, Science, Woman

Beatriz Pazos Ferreiro


A muller é necesaria para asegurar o futuro da ciencia.



MG-6478

Montserrat Mira Castro

Cambio de costumes na casa.



Materia transformada

Natalia Formigo Álvarez

Porque xa o dixo Lavoisier: a materia non se crea nin se destrúe, transfórmase. Estamos feitos do mesmo material e partindo desa premisa deixo que sexa a maquiaxe a que realice esta suposición. Somos o mesmo.



Esperanza

María del Carmen Pardiñas Añón

...Dúas rapazas atenden un posto de verduras baixo a atenta mirada da súa nai. Teñen o futuro por diante... teñense unha á outra... e só da súa nai dependese, terían o mundo aos seus pés...



Laboratoire- farmacéutica

Verónica Reboredo Blanco



XXI

Beatriz Pazos Ferreiro

A muller sempre foi capaz de todo, no século XXI tamén.



Sen rostro

María del Carmen Pardiñas Añón

A calor é tan intensa que o pavimento súa, mais esta muller soporta tranquila as roupas que soamente deixan entrever os seus ollos mentres me explica que o seu deus e o meu deus son o mesmo deus... eu intento atopar as palabras para explicarlle que eu xa non teño deus, pero sinto medo que a única fenda que ilumina o seu rostro se apague para sempre.



Exhibición

Pablo Gacio Corujo

Exhibición é unha nena inmóbil no escaparate dunha tenda. Camuflada entre os dous manequíns, se non fose polas miradas esquivas que nos botaba cando a mirabamos fixamente.



Renovarse o morir

Sara Valcárcel Maceira

As veces, nin oitenta e sete anos frean as ganas de vivir. Só hai un límite común a todos: a morte.



Un sorriso

Alba María Feijoo Misa

Anciás gozando dunha tarde de outono no parque da Alameda de Santiago de Compostela despois dunha vida de duro traballo.



Recargando enerxías

Iván García Méndez

Música e posta a punto na parada para a merenda. Recargando enerxías para continuar a viaxe.



Exame

Pablo Gacio Corujo

Esta rapaza de pelo vermello e mirada intensa, está apoiada, parece que está apoiada pero máis que iso está examinando todo o que pasa ao seu redor, controlando aos seus.



Cóntoche unha historia

Laura Romero Brión

A historia é a dunha muller que desde moi pequena tivo que loitar para sacar aos seus irmáns pequenos adiante nunha época na que traballar era un mundo de homes.



Papá, quero xogar ao fútbol

Alba Rivas Pérez

Ela quere correr, brincar, marcar, caer, levantar, pelexar... Ela só quere xogar, a pesar de que moitos non a miran.



Esfuerzo

José Manuel Salgueiro Otero

Traballo na terra. O traballo enténdese como un todo, unha liña temporal que representa unha evolución ao longo de tres xeracións de mulleres galegas da mesma familia vistas a través das súas mans e definidas pola súa actividade.



Que quero ser de maior?

Pilar Expósito Díaz

A visión das profesións dende o punto de vista dunha nena de 4 anos, que non ve diferenzas de xénero nin estereotipos á hora de elixir o seu futuro profesional.



Ser

Laura Cuba Orosa

Ser, existir, por riba do xénero, das concepcións sociais. Observamos unha persoa, desprovista de todo, excepto de si mesma, do seu interior persoal.



Soidade

Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez

Imaxe da soidade da muller no rural, na loita do día a día e sobrevivindo a un mundo urbano deshumanizado.




2º PREMIO

Evangalina

Jesús García Devesa

Muller con feixe de verzas.



3º PREMIO

Técnico e muller

José Marcelino Saavedra Martínez

Traballando no taller dun negocio informático.